

Deontoloxía e docencia: o artigo 45 do Código Deontolóxico do/a Psicólogo/a

Con frecuencia, no exercicio do noso traballo e responsabilidades, o/a psicólogo/a enfróntase a tarefas que supoñen a divulgación, xa sexa escrita ou oral, de información relativa a casos que se atenden en calquera dos ámbitos da psicoloxía.

Sesións clínicas, seminarios, obradoiros, cursos ou artigos con descricións de casos forman parte da nosa actividade e convertéronse nunha ferramenta de traballo, aprendizaxe e comunicación tan cotiá entre compañeiros e compañeiras que, con frecuencia, non somos conscientes das obrigas deontolóxicas que estes actos supoñen.

Desde a Comisión de Ética e Deontoloxía do COPG gustaríanos lembrar que tanto a “Lei de Protección de Datos de Carácter Persoal” como o Artigo 45 do Código Deontolóxico do Psicólogo/a (CDP) son claros advertindo da obriga de “facerse de modo que non sexa posible a identificación da persoa, grupo ou institución da que se trata”. Isto supón modificar información relativa ao sexo, idade e outros datos identificativos familiares, laborais, localidade ou zona de residencia que poderían facer recoñecibles as/os clientes.

Nalgúns cursos de formación xa se está solicitando ao alumnado que asinen un acordo de confidencialidade no que se comprometen a non divulgar, publicar ou facer accesible calquera información relativa a pacientes e/ou usuarios/as que, a pesar de ser distorsionada, puidese saír ao longo do curso.

Finalmente, queremos lembrar que no caso de utilizar vídeos ou audios, débese obter o consentimento dos/as clientes despois de explicarlles adecuadamente os fins e usos da devandita gravación; sendo recomendable que se eliminen signos identificativos e se difuminen os seus trazos faciais.